

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Anuncio das bases reguladoras da VI edición dos Premios do Plan de Emprego Local (PEL- EPR PREMIO 2024)

#### SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

##### ANUNCIO

Mediante Resolución de Presidencia número 2024/18423, do 6 de maio, aprobáronse as bases reguladoras da VI edición dos Premios do Plan de Emprego Local (PEL-EPR PREMIO) que se transcriben de seguido:

#### BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS PEL: PREMIOS ÁS INICIATIVAS TRANSFORMADORAS DA PROVINCIA (PEL-EPR PREMIO 2024)

As presentes bases reguladoras da VI edición dos Premios do Plan de Emprego Local (PEL- EPR PREMIO 2024) rexeranse polas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2024, publicadas no BOP número 178, do 18 de setembro de 2023, así como polas bases específicas que figuran a continuación:

#### 1. DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN

##### Denominación

As presentes bases teñen por obxecto regular a VI edición dos Premios PEL, destinados a galardoar ás Iniciativas Transformadoras da Provincia da Coruña, promovidos no marco do Plan de Emprego Local (Liña 2.4. PEL-Emprende: incentivos á calidade e á innovación da idea empresarial).

##### Financiamento

Os Premios financiarase con cargo ao orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2024 na aplicación orzamentaria 0520/24100/481.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles destinada ao Premio é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Créditos dispoñibles
0520/24100/481	75.000,00 €

##### Liñas xerais de tramitación

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento, incluíndo en cada unha delas as notificacións e comunicacións, os requirimentos de documentación e información, así como todo o necesario para tramitar as candidaturas.

#### 2. OBXECTO E FINALIDADE

As presentes bases teñen por obxecto regular a VI edición dos Premios PEL, como recoñecemento ás iniciativas transformadoras da provincia, fomentando a súa imaxe positiva e realizando o seu papel fundamental como xeradoras de riqueza, emprego e benestar, contribuíndo á súa sustentabilidade, fomentando a cultura emprendedora e potenciando o rural.

A súa finalidade consiste en premiar, dar visibilidade e poñer en valor aquelas iniciativas empresariais transformadoras da sociedade no seu conxunto, que impulsen cambios reais no ámbito socioeconómico e deixen a súa pegada no territorio no marco da Axenda Rural e Urbana da Deputación da Coruña.

#### 3. CATEGORÍAS

As entidades que se postulen á VI edición dos Premios PEL deberán presentarse a unha das seguintes tres categorías:

##### 1ª CATEGORÍA: premio á mellor iniciativa transformadora nova

Destinada a recoñecer a labor das pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que iniciasen a súa actividade empresarial nas anualidades 2023 ou 2024.

Nesta categoría valoraranse aspectos como a idea de negocio, o grao de innovación e a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial e o seu impacto no territorio e na sociedade, entre outros.

### **2ª CATEGORÍA: premio á mellor iniciativa transformadora consolidada**

Destinada a recoñecer a labor das pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que comezasen a súa actividade empresarial durante a anualidade 2019 ou con anterioridade.

Nesta categoría valoraranse aspectos como a idea de negocio e percorrido empresarial, o grao de innovación, a dixitalización, a internacionalización e as medidas de responsabilidade social empresarial implantadas pola empresa, entre outros.

### **3ª CATEGORÍA: premio á mellor iniciativa verde**

Destinada a recoñecer a labor das pequenas e medianas empresas, microempresas, autónomos/as, asociacións e clústers empresariais e concellos que contén con proxectos que teñan por obxectivo a transición ecolóxica e enerxética, a loita contra o cambio climático, a agricultura sustentable, a protección do medio ambiente, a preservación da biodiversidade, a economía circular e/ou o uso eficiente dos recursos.

Nesta categoría valoraranse aspectos como os proxectos desenvolvidos en prol da transición ecolóxica, o seu impacto no territorio, o seu carácter innovador e o aliñamento das actuacións desenvolvidas cos obxectivos medioambientais propostos na Axenda 2030, entre outros.

**Cada participante poderá presentar a súa candidatura unicamente a unha das tres categorías anteriores.** No suposto de presentación de varias candidaturas, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores, sempre e cando fose presentada dentro do prazo previsto na convocatoria.

Adicionalmente a estas categorías, o Xurado outorgará un **premio á mellor iniciativa transformadora do rural** como recoñecemento ás entidades que desenvolven iniciativas que impulsen cambios reais no ámbito socioeconómico da provincia, que contén con proxectos orientados ao desenvolvemento sostible e integrador de zonas rurais, favorezan á loita contra o despoboamento e contribúan a facer fronte ao reto demográfico e demais retos específicos en materia de desenvolvemento do territorio. Este premio outorgarase no marco da Axenda Rural e Urbana da Deputación da Coruña sen previa postulación de candidaturas, a proposta do xurado.

## **4. CRITERIOS DE VALORACIÓN**

As candidaturas serán analizadas e puntuadas baseándose nas memorias de candidatura presentadas e nos criterios de valoración especificados a continuación.

Todos os apartados do anexo da memoria de candidatura deberán facer referencia ao momento temporal de presentación da mesma, coa excepción daqueles nos que especifica o período de tempo ao que se refiren.

A puntuación total para cada candidatura, independentemente da categoría á que se presente, será de **100 puntos como máximo**.

### **1ª CATEGORÍA: mellor iniciativa transformadora nova**

#### **A) Idea de negocio (ata 30 puntos)**

Valoraranse aspectos como a orixinalidade e creatividade do proxecto empresarial, a diferenciación e o posicionamento da empresa respecto da competencia e o uso de espazos de coworking.

#### **B) Grao de innovación (ata 30 puntos)**

Valoraranse o desenvolvemento de produtos, servizos e/ou procedementos innovadores, así como o a madurez do proxecto.

#### **C) Implantación de medidas de responsabilidade social empresarial e o seu impacto no territorio e na sociedade (ata 30 puntos)**

Valoraranse as medidas implantadas en prol de igualdade, do medio ambiente, da dinamización do rural, as actuacións de voluntariado, de apoio á comunidade e ás ONG, colaboracións altruístas, o uso do galego como lingua vehicular nas súas comunicacións internas e externas e demais medidas que redunden nun beneficio para a sociedade.

#### **D) Vídeo de candidatura (ata 10 puntos)**

Valorarase o vídeo de candidatura [formato horizontal, duración máxima de 3 minutos e resolución mínima de 1.080 píxeles] no que se realice a presentación da empresa, claridade na descrición dos produtos/servizos que oferta, motivación da idea empresarial, motivos polos que a candidatura merece ser gañadora e demais aspectos destacables da candidatura. Tamén se terán en conta a creatividade do vídeo, o guiño e a súa estrutura.

**2ª CATEGORÍA: mellor iniciativa transformadora consolidada**

## A) Idea de negocio e percorrido empresarial (ata 30 puntos)

Valoraranse aspectos como a innovación e orixinalidade da idea de negocio, a xeración de emprego indefinido e a súa variación respecto do exercicio anterior, a presenza de mulleres na empresa, a capacidade de xerar ingresos (*EBITDA* dos últimos 3 exercicios económicos), a súa capacidade de expansión, diversificación e internacionalización, así como a diferenciación e posicionamento da empresa respecto da competencia.

## B) Grao de innovación, dixitalización e internacionalización (ata 30 puntos)

Valoraranse as accións de innovación e dixitalización levadas a cabo pola empresa no último ano e variación sobre o ano anterior, gasto en patentes e propiedade industrial, porcentaxe de vendas a través de comercio electrónico, investimento en TIC, márketing dixital e redes sociais.

Ademais tamén se valorarán as actuacións de internacionalización levadas a cabo pola empresa e variación sobre o ano anterior: evolución das exportacións e/ou investimentos exteriores e apertura de novos mercados.

## C) Implantación de medidas de responsabilidade social empresarial e o seu impacto no territorio e na sociedade (ata 30 puntos)

Valoraranse as medidas implantadas en prol da igualdade de xénero e para a conciliación da vida laboral e familiar, as accións de formación levadas a cabo para as persoas empregadas, o uso e difusión da lingua galega como lingua vehicular da empresa tanto nas comunicacións internas como externas, a realización de actividades para a preservación do medio ambiente, o apoio económico ou doutra natureza na realización de proxectos da comunidade de carácter cultural, deportivo, benéfico, lúdico ou social; actuacións desenvolvidas a prol da dinamización do rural e a loita contra o despoboamento; así como as accións realizadas para favorecer a consecución dos obxectivos da Axenda 2030, etc.

## D) Vídeo de candidatura (ata 10 puntos)

Valorarase o vídeo de candidatura [formato horizontal, duración máxima de 3 minutos e resolución mínima de 1.080 píxeles] no que se explique o modelo de negocio con claridade na descrición dos produtos/servizos que oferta, do equipo de traballo, da motivación da idea empresarial, dos motivos polos que a candidatura merece ser gañadora, etc. Tamén se terán en conta a creatividade do vídeo, o guión e a súa estrutura.

**3ª CATEGORÍA: mellor iniciativa verde**

## A) Proxectos desenvolvidos pola empresa en prol da transición ecolóxica (ata 30 puntos)

Valoraranse aspectos como a idea de negocio, a innovación e o grao de desenvolvemento e implementación de proxectos en prol da transición ecolóxica e enerxética, a loita contra o cambio climático, a agricultura sustentable, a protección do medio ambiente, a preservación da biodiversidade, a economía circular e/ou o uso eficiente dos recursos, etc.

## B) Aliñamento das actuacións desenvolvidas cos obxectivos medioambientais propostos na Axenda 2030 (30 puntos)

Valoraranse a aplicación de medidas de sostibilidade, economía circular e a integración dos obxectivos de desenvolvemento sostible de Nacións Unidas (ODS) nas actividades empresariais, así como a defensa de valores medioambientais e a adaptación da empresa ao cambio climático.

## C) Impacto no territorio (ata 30 puntos)

Valoraranse os resultados obtidos froito do desenvolvemento das actuacións e proxectos levados a cabo pola empresa en prol da transición ecolóxica.

## D) Vídeo de candidatura (ata 10 puntos)

Valorarase o vídeo de candidatura [formato horizontal, duración máxima de 3 minutos e resolución mínima de 1.080 píxeles] no que se presente a entidade e se expliquen as principais actuacións da empresa en prol da transición ecolóxica, así como os resultados obtidos e os motivos polos que a candidatura merece ser gañadora, etc. Tamén se terán en conta a creatividade do vídeo, o guión e a súa estrutura.

**CATEGORÍA A PROPOSTA DO XURADO: mellor iniciativa transformadora do rural**

Para a selección da entidade gañadora na categoría de mellor iniciativa transformadora do rural valorarase o perfil das entidades candidatas propostas polo xurado, independentemente do seu nivel de notoriedade, e teranse en consideración o seu traballo, a relevancia dos seus proxectos, o impacto socioeconómico xerado e o contexto no que estes se levan a cabo, tendo como referencia o marco da Axenda Rural e Urbana da Deputación da Coruña.

## 5. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE DAS CANDIDATURAS

Os Premios PEL van dirixidos a pequenas, medianas empresas, microempresas, autónomos/as, asociacións empresariais e concellos que cumpran os requisitos que se especifican a continuación:

### Requisitos que deben cumprir as pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as

As pemes, microempresas e autónomos/as que presenten a súa candidatura a algunha das tres categorías deberán:

- Ter o domicilio fiscal e social nun concello da provincia da Coruña.
- Ter exercicio económico continuado na actividade empresarial durante o período de tempo establecido na categoría á cal se presenta a candidatura:
  - Para a 1ª categoría: ter iniciado a actividade empresarial nas anualidades 2023 ou 2024, e sempre con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación das candidaturas, e mantela ininterrompidamente desde a súa alta. Terase en conta e a data de alta na actividade empresarial máis antiga que figure no Certificado de situación censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
  - Para a 2ª categoría: ter iniciado a súa actividade empresarial durante a anualidade 2019 ou con anterioridade e mantela ininterrompidamente desde a súa alta. Terase en conta a data de alta na actividade empresarial máis antiga que figure no Certificado de situación censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación da Coruña.
- Non ter concedidas ou solicitadas axudas por importe superior ao límite establecido polo réxime de *minimis* para o sector profesional no que desenvolve a actividade económica a entidade, nesta anualidade e nas dúas anteriores (2024, 2023 e 2022).
- No caso de persoas físicas, estar dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional con data anterior á finalización do prazo de presentación de candidaturas e sempre tendo en conta o requisito de antigüidade especificado en cada categoría:
  - Para a 1ª categoría: alta no RETA, no colexio profesional ou mutualidade correspondente na anualidade 2023 ou 2024.
  - Para a 2ª categoría: alta no RETA, no colexio profesional ou mutualidade correspondente na anualidade 2019 ou anterior.
- No caso de persoas xurídicas, estar inscritas no Rexistro Mercantil ou rexistro público correspondente con data anterior á data de finalización do prazo de presentación de candidaturas e sempre tendo en conta o requisito de antigüidade especificado en cada categoría:
  - Para a 1ª categoría: inscrición no rexistro público correspondente na anualidade 2023 ou 2024.
  - Para a 2ª categoría: inscrición no rexistro público correspondente anualidade 2019 ou anterior.

### Requisitos que deben cumprir as asociacións empresariais

As asociacións empresariais que se presenten á 3ª categoría deberán:

- Ter domicilio fiscal e social nun concello da provincia da Coruña.
- Estar legalmente constituída con anterioridade á data de publicación da convocatoria no BOP
- Ter un número mínimo de 25 membros ou partícipes na data de publicación da convocatoria no BOP
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación da Coruña.

### Requisitos que deben cumprir os concellos

Os concellos que se presenten a 3ª categoría deberán:

- Ter domicilio fiscal na provincia da Coruña.
- Ter unha poboación inferior aos 20.000 habitantes (poboación oficial do concello segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística)
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación da Coruña desde a data de publicación da convocatoria no BOP

## 6. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN DAS INICIATIVAS GAÑADORAS

### 6.1. Avaliación técnica e preselección de candidaturas

Todas as candidaturas elixibles serán en primeira instancia avaliadas por unha Comisión de Avaliación integrada por persoal técnico do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. Esta Comisión encargárase de analizar o perfil das candidaturas e de escoller a 10 finalistas por categoría, tendo en conta os criterios de valoración establecidos, así como os demais criterios que supoñan unha transformación socioeconómica da provincia.

Búscanse proxectos transformadores de calquera sector económico, é dicir, iniciativas empresariais capaces de xerar cambios en ámbitos como o medio ambiente, a responsabilidade social, a accesibilidade, a dinamización demográfica, a innovación, o emprendemento, a industria, o desenvolvemento social, económico e/ou territorial, e, en xeral, leven a cabo accións que teñan un impacto positivo na sociedade e no territorio provincial.

A Comisión de Avaliación comprobará a información sinalada nas candidaturas, así como o cumprimento dos criterios de elixibilidade e elaborará un informe técnico con toda a información necesaria para a valoración individual de cada candidatura por parte do Xurado.

### 6.2. Selección de finalistas

Tras esta preselección, as 10 candidaturas finalistas de cada categoría serán remitidas a un Xurado de expertos, conformado por persoas expertas en diferentes campos relacionados cos ámbitos da empresa, o emprendemento e a innovación. O Xurado estará conformado por:

- Dous representantes da Deputación da Coruña: o Presidente da entidade provincial e o Xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica.
- Dous representantes das Cámaras de Comercio do ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Dous representantes do ámbito universitario da provincia da Coruña vinculado aos eidos da empresa e da innovación.
- Un representante de asociacións de empresarios/as con presenza na provincia da Coruña.
- Dous empresarios/as con dilatada experiencia no eido empresarial na provincia da Coruña.

A composición do xurado e a designación dos seus membros será aprobada por Resolución da Presidencia.

O Presidente da Deputación da Coruña ostentará a Presidencia do xurado. En caso de ausencia deste, a Presidencia será exercida polo membro de maior idade do xurado. Así mesmo, por delegación da Secretaría Xeral, o Xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica exercerá a secretaría do xurado.

O Xurado de expertos reunirse co obxecto de deliberar e de seleccionar as iniciativas transformadoras gañadoras. Ademais, os distintos membros do xurado presentarán propostas de entidades que consideren merecedoras do premio á mellor iniciativa transformadora do rural e elixirán a gañadora desta categoría por consenso.

O Xurado reunirse co obxecto de deliberar e poñer en común as puntuacións outorgadas a cada unha das candidaturas presentadas ás tres categorías principais. A media aritmética das puntuacións establecidas por cada membro do xurado constituirá a puntuación final da candidatura. Unha vez valorada a totalidade de candidaturas establecerase unha prelación entre elas. No caso de que varias candidaturas obtiveran a mesma puntuación final e que, ademais, esta fose a puntuación máis elevada da categoría, efectuarase unha votación entre as candidaturas empatadas e, se persistise o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente. No caso excepcional de que as candidaturas non acadasen o nivel desexado, o xurado poderá acordar deixar o premio deserto.

### 6.3. Acto de entrega de premios

As entidades gañadoras daranse a coñecer nun acto de entrega de galardóns organizado pola entidade provincial no que poderán ser reproducidos publicamente os vídeos presentados por estas.

A concesión do premio realizarase mediante Resolución da Presidencia a proposta motivada do xurado. A Resolución de concesión será publicada no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O premio considerárase aceptado tras a aceptación da notificación da resolución de concesión.

No suposto excepcional de que as empresas gañadoras renunciaran ao premio, a candidatura que se atopa na seguinte posición pasaría a ocupar o seu lugar e así sucesivamente, no caso de acontecerse múltiples renuncias sucesivas.

## 7. CONTÍA E DESTINO DO PREMIO

A contía do premio de cada un dos primeiros clasificados de cada categoría será de 18.000 euros. Sobre estas contías realizaranse as retencións correspondentes do ordenamento tributario regulador do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) ou do Imposto de Sociedades (IS).

A contía do premio á mellor iniciativa transformadora do rural destinarase a financiar un proxecto a desenvolver pola entidade gañadora.

## 8. COMPROMISOS E OBRIGAS

Son obrigas dos/as candidatos/as sen ánimo de exclusividade, as seguintes:

1. Cumprir os requisitos indicados nas presentes bases reguladoras.
2. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar a Deputación da Coruña, así como facilitar os datos que se lles requiran en relación á concesión do premio.
3. Comunicar calquera modificación que afecte á candidatura inicial realizada.
4. Entregar á Deputación da Coruña nos prazos previstos toda a documentación requirida nas presentes bases.
5. Prestar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
6. No caso de resultar candidatura gañadora, realizar difusión do Premio outorgado pola Deputación da Coruña na páxina web corporativa.

## 9. PRESENTACIÓN E PRAZOS

### 9.1. Presentación

A mera presentación das candidaturas en tempo e forma suporá a súa aceptación no proceso de valoración e selección. Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as candidaturas presentaranse de forma telemática, a través da páxina web da plataforma de tramitación telemática de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, SUBTeL: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>. A presentación de toda a documentación realizarase a través da dita plataforma e de xeito telemático. En todo caso, se terán por non presentadas aquelas candidaturas rexistradas en formato papel.

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia na documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que a persoa que presenta a candidatura non emende neste prazo, teráselle por desistida da súa candidatura.

Mediante resolución da Presidencia declararase o descarte daquelas candidaturas que non se axusten ao establecido nas bases ou que non teñan emendado as deficiencias no devandito prazo.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### 9.2.Prazo de presentación de candidaturas

O prazo de presentación de candidaturas determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente Premio no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

### 9.3.Prazo de resolución e concesión

O prazo máximo para resolver será de 9 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## 10.PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL

As empresas e persoas autónomas finalistas deberán garantir absoluto respecto aos dereitos da propiedade intelectual e industrial de terceiros. Neste sentido, deberán declarar que é titular de todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial que lle puideran corresponder, eximindo á Deputación da Coruña de calquera tipo de controversia, disputa ou litixio que poida derivarse da selección e explotación da candidatura presentada.

## 11. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nas candidaturas serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa e a difusión dos Premios PEL.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo, se consideran que o tratamento incumpre co establecido no RXPD poden reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa [Política de Privacidade](#) ou dirixindo un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

## ANEXO I: DOCUMENTACIÓN

### DOCUMENTACIÓN DA CANDIDATURA

Para a participación na convocatoria en calquera das tres categorías, deberase presentar a seguinte documentación obrigatoria:

- Para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as:
  - Memoria de candidatura (máximo 7 páxinas)
  - Certificado de situación censual actualizado, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria
  - Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta destes datos
  - No caso de microempresas, pequenas e medianas empresas, a escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores no caso de que as houbera, ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a súa inscrición no rexistro público correspondente
  - No caso de empresarios/as individuais informe da vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social onde figure a data de alta no RETA, colexio ou mutualidade correspondente
  - Declaración das axudas recibidas en réxime de *minimis*
- Para concellos:
  - Memoria de candidatura (máximo 7 páxinas)
  - Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta destes datos
- Para asociacións empresariais:
  - Memoria de candidatura (máximo 7 páxinas)
  - Estatutos da asociación e as súas modificacións ou variacións posteriores, no caso de que as houbera
  - Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta destes datos

Non se terán por presentados o anexo de memoria de candidatura nin a documentación en formato papel, nin fóra do prazo de presentación establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxa ausencia non poderá ser emendada.

O anexo de memoria da candidatura estará dispoñible para a súa descarga na plataforma SUBTeL, estruturarase seguindo os criterios de valoración regulados na base 4 e non excederá de sete páxinas. No caso de que a memoria presentada exceda esta extensión non se valorarán as páxinas que nela figuren a partir da oitava, esta incluída. Exclúense do cómputo as páxinas que complementen a memoria, como os índices, as portadas e os anexos.

Na memoria deberá incluírse, con carácter obrigatorio, o enlace a un vídeo de candidatura, aloxado en calquera plataforma dixital de reprodución de vídeo ou na propia web corporativa, gravado en formato horizontal, cunha resolución mínima de 1080 píxeles (sendo recomendable unha superior de 4K) e de duración non superior a 3 minutos.

### DOCUMENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN

- Modelo de designación de conta bancaria para incluír no Rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos pagos na Deputación da Coruña.

- Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido (e asinado electrónicamente) pola entidade bancaria correspondente.
- Documentación gráfica da difusión realizada do Premio na páxina web corporativa.
- No caso de asociacións empresariais, certificado acreditativo do número de socios/as á data de publicación da convocatoria no BOP
- No suposto de ser a entidade gañadora da categoría de mellor iniciativa transformadora do rural, memoria explicativa do proxecto transformador ao que destinará o importe do premio.

#### **BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DE LA VI EDICIÓN DE LOS PREMIOS PEL: PREMIOS A LAS INICIATIVAS TRANSFORMADORAS DE LA PROVINCIA (PEL-EPR PREMIO 2024)**

Las presentes bases reguladoras de la VI edición de los Premios del Plan de Empleo Local (PEL- EPR PREMIO 2024) se regirán por las *Bases Generales reguladoras de los programas de subvenciones de la Diputación provincial de A Coruña 2024*, publicadas en lo BOP número 178 de 18 de septiembre de 2023, así como por las bases específicas que figuran a continuación:

#### **1. DENOMINACIÓN, FINANCIACIÓN Y LÍNEAS GENERALES DE LA TRAMITACIÓN**

##### **Denominación**

Las presentes bases tienen por objeto regular la VI edición de los Premios PEL, destinados a galardonar las Iniciativas Transformadoras de la Provincia de A Coruña, promovidos en el marco del Plan de Empleo Local (Línea 2.4. PEL-Emprende: incentivos a la calidad y a la innovación de la idea empresarial).

##### **Financiación**

Los Premios se financiarán con cargo al presupuesto general de la Diputación para el ejercicio 2024 en la aplicación presupuestaria 0520/24100/481.

La cuantía máxima dentro de los créditos disponibles destinada al Premio es la siguiente:

Aplicación presupuestaria	Créditos disponibles
0520/24100/481	75.000,00 €

##### **Líneas generales de tramitación**

La tramitación telemática se aplicará a todas las fases del procedimiento, incluyendo en cada una de ellas las notificaciones y comunicaciones, los requerimientos de documentación e información, así como todo lo necesario para tramitar las candidaturas.

#### **2. OBJETO Y FINALIDAD**

Las presentes bases tienen por objeto regular la VI edición de los Premios PEL, como reconocimiento a las iniciativas transformadoras de la provincia, fomentando su imagen positiva y realzando su papel fundamental como generadoras de riqueza, empleo y bienestar, contribuyendo a su sostenibilidad, fomentando la cultura emprendedora y potenciando el rural.

Su finalidad consiste en premiar, dar visibilidad y poner en valor aquellas iniciativas empresariales transformadoras de la sociedad en su conjunto, que impulsen cambios reales en el ámbito socioeconómico y dejen su huella en el territorio, en el marco de la Agenda Rural y Urbana de la Diputación de A Coruña.

#### **3. CATEGORÍAS**

Las entidades que se postulan a la VI edición de los Premios PEL deberán presentarse a una de las siguientes tres categorías:

##### **1ª CATEGORÍA: premio a la mejor iniciativa transformadora nueva**

Destinada a reconocer la labor de las pequeñas y medianas empresas, microempresas y autónomos/as que iniciaran su actividad empresarial en las anualidades 2023 o 2024.

